

EXAMENES NATURAIS TEMA 4

NOME E APELIDOS

DATA

Samanta sintese mal, dóelle a cabeza, ten febre, ten dolor muscular. Está enferma. Acode ao seu pediatra para que a revise. O diagnóstico do pediatra é: catarro forte. Tivo sorte xa que ao estar vacinada contra a gripe non necesita antibióticos. Dálle algúns medicamentos e dille que ten que garda repouso durante unha semana.

1. Contesta: (1.5 pto)

❖ Que son os síntomas? Que é un diagnóstico? Que son os medicamentos?

Os **síntomas** son as manifestacións ou sinais dunha enfermidade, é decir, os efectos que produce o organismo. Un **diagnóstico** consiste en identificar a enfermidade e as causas que a producen.

Un **medicamento** é unha substancia que se introduce no corpo e que prevén, alivia ou cura enfermidades.

❖ Que síntomas ten Samanta e que diagnóstico lle da o pediatra?

Dor de cabeza, febre, dolor muscular. O pediatra dille que ten un catarro.

❖ Que son as vacinas?

As **vacinas** son medicamentos que nos volver resistentes ás enfermidades

❖ O pediatra non lle receita antibióticos por que?

Porque os antibióticos curan enfermidades provocadas por bacterias e o catarro está provocado por virus

O irmán de Samanta, Xulio sintese mal, dóelle a barriga desde xa fai uns días. A súa nai lévao ao pediatra e explícalle o que lle pasa. O médico non ten claro o seu diagnóstico e manda lle facer unhas probas (análise de sangue e orina, ecografía). Despois de facelas e que lle dean os resultados volve ao pediatra que lle explica que non ten nada grave so algunhas pedras no ril.

2. Contesta: (1.5 pto)

❖ Que é a saúde?

A saúde é un estado de benestar físico, social e mental

❖ Que é unha enfermidade?

Unha enfermidade é calquera situación na que a nosa saúde se altere ou se perda en maior ou menor medida

❖ Que diferenza hai entre as enfermidades de Samanta e Xulio. (tipo de enfermidades) Explica cada unha delas.

Samanta ten un **enfermidade infecciosa** que son as producidas por axentes infecciosos (virus, bacterias...) e Xulio ten un **enfermidade non-infecciosa** que está producida por outra causa distinta aos axentes infecciosos

3. Como poderían Samanta e Xulio previr as enfermidades. Explica en que consiste cada unha delas (1 pto)

Podían previr tendo **boa hixiene**, levando unha **alimentación saudable**, con **exercicio**, cunha **conducta responsable**, con **descanso** e con **boa autoestima** e **sociabilidade**

EXAMENES NATURAIS TEMA 4

4. Explica que son autoestima, a sociabilidade e conduta responsable. (1pto)

A **sociabilidade** é o trato amigable con outras persoas.

A **autoestima** implica estar conforme e contento co aspecto físico, coa forma de ser e como modo de actuar dun mesmo

5. Citas tres tipos de medicamentos e indica cal é a súa acción? (1pto)

- **Antibióticos:** destrúen bacterias
- **Analxésicos:** reducen a dor
- **Desinfectantes:** eliminan microbios
- **Antitérmicos:** baixan a febre

6. O pediatra de Samanta explicoulle que existían unha serie de enfermidades non producidas por axentes infecciosos pero Samanta non se acorda. Podes dicir cales son e facer un pequeno resumo de cada unha delas. (1pto)

- **Intoxicacións:** Son enfermidades producidas por substancias tóxicas que entran no noso corpo se as inxerimos, se as respiramos ou se nos inoculan seres vivos
- **Traumatismos:** Son cortes, queimaduras, fracturas...
- **Enfermidades nutricionais:** son as relacionadas cunha mala alimentación
- **Tumores** e o **cancro:** crecemento anormal ou descontrolado das nosas células
- **Enfermidades Cardiovasculares:** son as que afectan ao aparato circulatorio.
- **As alerxías:** Son as reaccións esaxeradas das defensas naturais do noso corpo fronte a outras substancias
- **Enfermidades do estado de ánimo:** Son a depresión, ansiedade...
- **Enfermidades conxénitas:** están producidas por durante a xestación

7. Xulio explicoulle ao seu médico que na escola estaban estudando un tema sobre saúde. Contoulle que os avances no diagnóstico e no tratamento fixeron que a xente poda vivir máis tempo. De que lle falou Xulio ao seu médico? (1pto)

Contoulle que debido aos avances no diagnóstico e no tratamento contribuíron a que cada vez se diagnostiquen mellor as enfermidades, que as persoas teñamos mellor saúde e podamos vivir máis anos

8. O médico traballa na saúde pública. Que é a saúde pública? (1pto)

A **saúde pública** é todo o que fai unha sociedade para contribuir a que as persoas conserven un bo estado de saúde

9. Os médicos para traballar debe de estudar antes medicina. Que é a medicina? (1pto)

A **medicina** é a ciencia que se ocupa de identificar e curar enfermidades que padecemos